



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### **BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DE VINTE PEÓNS TRABALLADORES FORESTAIS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS PERSOAL DE OFICIOS AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS**

#### **1.OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Será o nomeamento temporal de vinte funcionarios interinos integrados na escala de Administración especial; subescala de servizos especiais; persoal de oficios; agrupacións profesionais; peóns traballadores forestais, ao concorrer o suposto establecido no artigo 10 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro) (execución de programa de carácter temporal) por un período de cinco meses.

A motivación da convocatoria urxente da selección estriba na necesidade de proceder á limpeza de viais, camiños e parcelas para a prevención de incendios forestais consonte ás competencias recoñecidas aos Concellos polo artigo 7 da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, dada a inminencia da entrada do período de perigo alto de incendio forestal tras un ano especialmente seco.

#### **2.REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para ser admitido á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a)Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro.
- b)Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c)Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d)Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- e)Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para acceso a empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado.
- f)Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



g)Ter ingresado na conta de Abanca núm. ES31 2080 5416 5231 1010 0035 a cantidade de 15 €.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data da toma de posesión ou nomeamento.

### 3.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I e dirixiranse ao Presidente da Comisión Xestora, poidéndose presentar nos Rexistros Xerais do Concello (A Chan nº 11 Carballedo – Praza do Concello 1 Cerdedo). Horario: 9 a 14 horas de luns a venres), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

No caso de que as solicitudes dos aspirantes non se presenten no Rexistro Municipal deberá remitirse vía “fax” (986.76.01.30) unha copia da solicitude de participación no Rexistro correspondente dentro do prazo de presentación de instancias.

O incumprimento desta previsión dará lugar á exclusión do aspirante no caso de que a solicitude se reciba fóra do prazo de presentación de instancias.

O prazo de presentación de instancias será de **TRES DÍAS NATURAIS** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria de selección nun dos periódicos de maior tirada da provincia (La Voz de Galicia).

A maiores ofrecerase publicidade á convocatoria e as Bases de selección nas páxinas web dos Concellos ([www.concellodecotobade.org](http://www.concellodecotobade.org) e [www.cerdedo.es](http://www.cerdedo.es)) e no Taboleiro de Edictos.

Á solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- a)Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.
- b)Xustificante de ter ingresado na conta de Abanca número ES31 2080 5416 5231 1010 0035 as cantidades establecidas en concepto de dereitos de exame (15 €).
- c)No seu caso, documentación xustificativa dos méritos alegados consonte á Base sexta.

Non obstante, os aspirantes poderán alegar a avaliación dos méritos de cuxa acreditación non dispoñan no momento de presentación da solicitude de participación.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



En todo caso poderán achegalos ao Tribunal Cualificador ata o día da sesión de avaliación de méritos.

Os méritos que non se aporten ou aleguen coa solicitude de participación ou non se acrediten ata a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Os méritos prestados no Concello de Cerdedo-Cotobade ou nos antigos Concellos de Cerdedo e de Cotobade poderán ser alegados polos participantes na solicitude de participación e avaliados de oficio polo Tribunal de Selección.

No caso de que non se aleguen coa solicitude de participación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

### 4.ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias a Presidencia ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade e, de forma complementaria, nas páxinas web ([www.concellodecotobade.org](http://www.concellodecotobade.org) e [www.cerdedo.es](http://www.cerdedo.es)).

A resolución establecerá, a efectos de emenda de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 1 día hábil contado a partir do seguinte ao da publicación sinalada.

Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Posteriormente, mediante Resolución da Presidencia, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e procederase á designación dos membros do Tribunal Cualificador, convocando aos aspirantes admitidos mediante a publicación do devandito decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e, de forma complementaria, nas páxinas web do Concello ([www.concellodecotobade.org](http://www.concellodecotobade.org) e [www.cerdedo.es](http://www.cerdedo.es)).

No caso de que todos/as os/as aspirantes estean admitidos a lista provisional poderá elevarse a definitiva.

### 5.TRIBUNAIS

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por tres membros: un presidente, un secretario e un vogal e quedará integrado polas persoas que designe o Presidente, publicándose a súa composición consonte o disposto na base sétima, coa lista definitiva de admitidos e excluídos.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente nos termos establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Os tribunais quedarán incluídos na categoría correspondente conforme ao disposto Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores do tribunal.

### 6.SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición, coa realización de proba práctica e posterior avaliación de méritos de acordo cos seguintes criterios de avaliación:

#### a) Fase de oposición

##### **Proba práctica (obrigatoria e eliminatória):**

Consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas propostas polo Tribunal Cualificador que deberán estar directamente relacionadas coas funcións do posto a desempeñar.

**Puntuación: de 0 a 10.00 puntos**

**Deberá obterse unha puntuación mínima de 5.00 puntos para considerarse apto/a e proceder á avaliación de méritos.**

A incomparecencia á realización da proba práctica ou a obtención dun resultado inferior aos 5.00 puntos determinará a exclusión do proceso selectivo.

A convocatoria para a realización da proba práctica anunciarase no Taboleiro de Edictos do Concello e nas páxinas web cunha antelación mínima de 24 horas á súa realización.

#### b) Fase de concurso:

Unha vez puntuada a proba práctica, e feitos públicos os seus resultados no Taboleiro de Edictos e na páxina web, procederase á baremación da fase de concurso de acordo cos seguintes criterios de avaliación:

##### **a.Experiencia Profesional:**

Experiencia profesional como funcionario na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais como persoal de oficios ou ben como persoal laboral na categoría de peón, oficial de segunda, oficial de primeira prestando servizos como traballador forestal a razón de 0.10 puntos por mes completo traballado **ata un máximo de 3.00 puntos.**

Non se terán en conta os días correspondentes a relacións de servizo ou contratos que non superen o mes ou non acaden o mes completo.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Os méritos referidos á experiencia laboral ou profesional na Administración Pública acreditaranse, preferentemente, mediante certificado expedido polo órgano competente da Administración na que prestaran os servizos no que se faga constar a categoría desempeñada e a duración da relación funcional ou dos contratos de traballo.

No caso da experiencia laboral fóra da Administración Pública deberán aportar copia da vida laboral así como dos contratos de traballo que xustifiquen a prestación de servizos alegados.

Sen a concorrencia destes requisitos non se avaliará o mérito alegado.

### **b.Cursos de formación:**

Por cursos de formación ou especialización recibidos directamente relacionados co posto ou en materia de prevención de riscos laborais, convocado ou avalado por unha entidade pública a razón de:

- De 10 a 50 h.: 0`1 pto.
- De 51 a 100 h.: 0`2 pto.
- De 101 de 300 h.: 0`3 pto.
- A partir de 301 h: 0`5 pto.

No caso de ter unha duración inferior a 10 horas ou non especificar as horas de duración non se valorará.

### **Ata un máximo de 1.00 punto**

Os méritos alegados polos aspirantes computaranse ata o primeiro día do prazo de presentación de instancias.

**Puntuación máxima do proceso selectivo: 14.00 puntos.**

## **7.CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS**

Unha vez que o tribunal valore os méritos alegados e puntúe a proba práctica publicarase a relación dos mesmos pola orde da puntuación obtida no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e formularase proposta para ocupar a praza a favor dos aspirantes con maior puntuación coincidente co número de postos ofertado ao obxecto de que a Presidencia proceda á aprobación da proposta formulada e á súa posterior contratación.

O tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba práctica.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### **8.APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS**

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, terá unha advertencia recordando ós aspirantes aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Os aspirantes propostos aportarán dentro do prazo de tres días naturais, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

- 1) Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia.
- 2) Tarxeta da Seguridade Social mediante fotocopia.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Os aspirantes seleccionados deberán realizar un recoñecemento médico para determinar a aptitude física para o exercicio das funcións do posto.

No caso de considerarse non aptos para o posto por parte do Servizo de Prevención resolverase o contrato formalizado por non superar o periodo de proba.

No caso de que o aspirante proposto renunciase ao posto de traballo, non aporte a documentación requirida ou ben non cumpla cos requisitos para o acceso ao posto convocado indicados poderase formular nova proposta a favor dos que lle sigan na orde de puntuación que quedarán en lista de espera a estes efectos.

### **9.CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Cerdedo-Cotobade

O Presidente

Jorge Cubela López



# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



## MODELO DE INSTANCIA

D/D<sup>a</sup>....., veciño/a  
de ..... con domicilio  
en ..... e NIF  
nº ..... e teléfono de contacto nº .....

Interesado/a no procedemento convocado para a selección de vinte peóns como traballadores forestais polo Concello de Cerdedo-Cotobade como funcionarios interinos para a execución dun programa de carácter temporal integrados na escala de Administración especial; subescala servizos especiais; agrupacións profesionais comparece e,

### EXPÓN:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria.
2. Que coñece e acepta as Bases reguladoras da convocatoria.
3. Que aporta:
  - a) Fotocopia simple do documento nacional de identidade ou pasaporte.
  - b) Xustificante de ter ingresado na conta de Abanca número ES31 2080 5416 5231 1010 0035 a cantidade de 15 € en concepto de dereitos de exame.
  - c) Xustificante dos méritos alegados (no seu caso).
3. Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base décima da convocatoria

E por todo iso,

### SOLICITA:

Ser admitido/a ao concurso-oposición convocado para a selección de vinte traballadores forestais polo Concello de Cerdedo-Cotobade como funcionarios interinos integrados na escala de Administración especial; subescala servizos especiais; agrupacións profesionais, posto de peón traballador forestal.

Cerdedo-Cotobade a ..... de ..... de 2017

O/a Interesado/a

**SR. PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE**

P3600048G





# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201

